

Peripécia (parcial) do "Chamamento" de Novoneyra

Anxo Tarrío Varela

[Recibido, decembro 2010; aceptado, xaneiro 2011]

RESUMO O autor fai unha prospección acerca das "peripecias" do poema de Uxío Novoneyra titulado xenericamente "O Chamamento", do que apareceron varias versións, todas diferentes, até o punto de non se saber con certeza cal puido ser a orixinaria, feito este que leva a Anxo Tarrío Varela a propoñer como texto máis autorizado para unha posíbel edición crítica o orixinal mecanografado, do que se ofrece unha reprodución fotografada seguida da correspondente transcrición, que conserva nos seus arquivos a familia García-Sabell Tormo, a cuxo pé deixou escrito o poeta de propia man que se trata da "versión definitiva do Chamamento".

PALABRAS CHAVE: ecdótica, poesía galega, Uxío Novoneyra, Xeración dos 50.

ABSTRACT The author carries out an exploration of the "vicissitudes" in the poem by Uxío Novoneyra generically entitled "O Chamamento", of which some versions had appeared, all different, up to the point of not knowing for sure which one may have been the original; a fact which has taken Anxo Tarrío Varela to put forward a more authorised text as a possibly critical edition, the typewritten original, followed by its subsequent transcription which the family García-Sabell Tormo keeps in his archives and on whose footnote the poet left handwritten that it was the "definitive version of the Chamamento".

KEYWORDS: Ecdotics, Galician poetry, generation of 1950s, Uxío Novoneyra.

131

Imos facer un seguimento do poema ao que Uxío Novoneyra se referiu con varios títulos, aínda que sempre co substantivo "Chamamento" como invariante, e que comezou a escribir en maio de 1956, a instancias de Ramón Piñeiro, pero que permaneceu inédito nas múltiples versións que se coñecen del até a primeira década do século XXI en que abundan as reproducións impresas do máis variado destino e intención. A curiosidade foi xerando esta pequena pescuda filolóxica que hoxe damos a coñecer para contribuír algo á comprensión e entendemento da poética e mais as estratexias publicistas do poeta do Courel.

O 7 de maio de 2004, a poetisa e ensaísta Olga Novo gañaba o 18º Premio literario “Ánxel Fole” cun texto titulado *Uxío Novoneyra. Lingua loaira*, que sería editado ese mesmo ano pola Fundación Caixa Galicia, entidade que, así mesmo, patrocina anualmente a convocatoria canda o diario *El Progreso* de Lugo. Alí, a estudosa do poeta do Courel, entre outros moitos poemas exhumados ou inéditos de Novoneyra, reproduce dúas versións do “Chamamento” que constitúen, segundo alcanza a miña prospección, a primeira vez que este (até certo punto) estraño e/ou curioso texto coñecía a letra impresa e pública. As fontes onde Olga Novo procurou estas primicias, datadas ambas as dúas en 1956, foron os arquivos de Manuel Eugenio Neira Pol, curmán do poeta, e do profesor Xesús Alonso Montero (Novo, 2004: 168).

Da primeira destas fontes procede unha versión intitolada *CHAMAMENTO ÓS GALEGOS*, composta por dezasete versos libres, polimétricos, distribuídos en grupos estróficos irregulares sen intitolacións numéricas (Novo, 2010: 183-184). É unha cantidade pequena de versos, se comparamos con outras versións, como veremos.

132

Do arquivo do profesor Alonso Montero, a ensaísta conseguiu outra versión semellante á anterior en número de versos, tamén dezasete, pero con variantes textuais moi evidentes, comezando xa polo título, que agora se rotula simplemente como *CHAMAMENTO*, seguido do coñecido poema caligráfico, monoversal e aforístico do poeta, a modo de epígrafe ou subtítulo: *De tanto calar xa falo eu solo*, que non figura á fronte de ningunha outra versión consultada por min (Novo, 2004: 184-185). En nota de rodapé a autora do ensaio afirma que esta versión do “Chamamento” fóralle enviada no seu día a Alonso Montero polo propio Novoneyra “para a súa publicación en *Trinta anos de poesía crítica (1936-1966)*” (Novo, 2004, 184, n. 101), libro que nunca puido ver a luz na benemérita Librería Tanco de Ourense por imposición da censura franquista en 1967 (nese momento denominada Consulta Voluntaria, que antes de 1950 fora Consulta Previa), extremo este que me revelou persoalmente o propio profesor e amigo en conversa telefónica.

No ano 2010 publicáronse dous nutridos volumes monográficos (XIV e XVI) dos *Cadernos Ramón Piñeiro* dedicados por enteiro ao poeta Uxío Novoneyra, baixo a responsabilidade dos profesores Luís Alonso Girgado e Luís Cochón, á fronte dun equipo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, institución que tamén edita a citada revista.

O mesmo grupo de investigación (agás a compoñente Iris Cochón, que colaborara como editora dos textos de Novoneyra unicamente no volume XIV citado), tirou do prelo a finais do mesmo ano, agora baixo a éxida do CCG, outro libro-homenaxe sobre o mesmo poeta co título de *Cartas de poeta. (De Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1955-1972))*. Entre os documentos e textos exhumados e/ou inéditos destas tres imprescindíbeis publicacións, aparece reproducido o “Chamamento” en catro versións. Tres delas, abondo diferentes entre si, figuran no citado volume XVI dos *Cadernos*, na seguinte orde e cos títulos e datas que anoto:

1ª VERSIÓN. Titulada CHAMAMENTO ÓS GALEGOS. Está datada n’O *Caurel*, 1.956. Compóñena 62 versos libres e polimétricos, distribuídos en tres grupos poliestrúxicos desemeillantes, numerados en romanos (I, II, III).

2ª VERSIÓN. Nesta, especificáanse os destinatarios despois dun intitulado que os editores dispuxeron deste xeito:

*A CHAMADA OS (sic) GALEGOS: FEITA POR
NOVONEYRA NO ANO DE MCMLVI¹*

CHAMADA OS GALEGOS

*PROS universitarios galegos,
estudantes de Compostela*

Péchase anotando lugar e data: *O Caurel*, 1956. Tén 61 versos dispostos tamén en tres grupos semellantes aos da versión primeira pero agora numerados deste xeito: I, 2, 3 (igual que a “versión definitiva”, que veremos máis adiante).

3ª VERSIÓN. Leva por título *NOVA CHAMADA ÓS GALEGOS²* e dátase ao final do texto deste xeito: *Caurel do (sic) Tesos Cumes, outo Maio do 1956*. Esta é

¹ En letra voada, despois destes números romanos, os editores poñen marca numérica para unha referencia de rodapé que reproduce este envío: “Meu querido amigo: Failles entrega en meu nome distas verbas a Mourullo, Mendez (sic) Ferrin (sic), Franco Grande ios outros rapaces da Universidá. Unha forte aperta
Novoneira (sic, con i)”

² Os editores reproducen en nota de rodapé esta dedicatoria: “Pra Ramón Piñeiro”.

a versión que os profesores Luís Alonso e Luís Cochón deberon considerar como a xenuína ou máis próxima á orixinaria de todas as demais, ou que respondese á última vontade do poeta, pois é a que reproducen, con algunhas actualización ortográfica e de acentuación, no libro, citado máis arriba, editado polo CCG (pp. 81-82), co que semella daren por pechado, a efectos de investigación e de homenaxes, o ano das Letras Galegas 2010 dedicado a Uxío Novoneyra. Nesta nova edición, despois do poema e da datación, os editores reproducen tamén un pequeno fragmento de carta de Novoneyra dirixida a Ramón Piñeiro asinada en 30 de maio de 1956, que reza así:

Escribín ista chamada ós galegos respondendo a unha petición túa do Vrao pasado. Ista choiva xunto ó sentimento da Galicia irredimíbel déronme forzas de chorar. Así como cho digo.

Pero todo semella apuntar a que non se trata máis que doutra versión do “Chamamento”, adaptada para a ocasión onde debeu ser lida cun segundo verso circunstancial que inclúe deíctico didascálico que destaco pola miña conta en negriñas: “que ás veces tedes o corazón dos días de choiva **com-este**”, e que non figura en ningunha outra versión das coñecidas até o de agora.

Pola súa parte, con colofón datado en *Novembro de 2010*, Alvarellos Editora deu ao prelo o libro *Uxío Novoneyra: Gran lago de nebra. Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999*, en cuxa “Introdución” María Pilar García Negro recolle (pp. 11-12) outra versión distinta ás que levamos visto até o de agora, transcrita, segundo palabras da propia estudosa na nota 2 do rodapé, “da versión orixinal deste poema [da que ela dispón] grazas a Florentino Varela Silva, a quen llo deu o propio autor”. Mágoa que non nos ofrezca copia facsimilar (manuscrita?, mecanoscrita?) dese “orixinal”, porque nos atallaría moito traballo ecdótico. Esta versión de trinta e cinco versos vai dirixida tamén “Prós universitarios galegos, estudantes de Compostela”, o mesmo que a 2ª xa citada dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, pero difire grandemente desta xa dende o primeiro verso.

Se botamos agora unha ollada ás fontes electrónicas na rede, atopamos que o día 14 de decembro de 2009 o *Blog de Encarna Lago* ofreceu unha copia facsimilar dunha nova versión mecanografada, coa sinatura caligráfica do poeta ao final, e datada, tamén a pé do texto, mecanograficamente, n’*O Caurel. 1956*.

Ademais, en liña oblicua, a carón do título (*CHAMAMENTO DE NOVONEYRA ÓS GALEGOS*) hai unha dedicatoria na cabeceira da primeira plana, escrita pola propia man de Novoneyra “Pra Fernando de Tor. Galego”, é dicir, para Fernando Taboada Zúñiga, intimamente relacionado co Pazo de Tor, en Monforte de Lemos, a quen Novoneyra lle dedica outro poema de 1958 titulado “Pazo de Tor”, que Olga Novo reproduce, así mesmo, no seu libro, tirado do número 739 da revista *Vida Gallega* (Novo, 2004: 139-140)³.

Esta versión do *Blog de Encarna Lago* é practicamente idéntica á copia que lle facilitou o pintor Luís Rosales á Sociedade Cultura Deportiva Raxó, e que esta transcribiu no mes de agosto de 2010 na súa páxina web, con algunhas (mínimas) variantes (ou grallas?), nun xesto de boa vontade perante o Día das Letras Galegas, porque esa Sociedade quería tamén “facer a súa modesta contribución facendo público un **poema inédito** de Novoneyra do **ano 1957**, xentileza de Luís Rosales, pintor afincado na nosa localidade” (as negriñas son miñas) (Sociedad CDR, 2010).

Esta versión (serodia e seguramente mecanoscrita, como todas as demais) leva por título *CHAMAMENTO DE NOVONEYRA ÓS GALEGOS*. Ten unicamente 42 versos libres, polimétricos e distribuídos en grupos estróficos irregulares sen numerar.


Á vista de todo isto, coidamos que sería, cando menos, curioso, pero sempre interesante, abrirlle luz a unha copia que obra no arquivo da familia García-Sabell e que a xentileza da miña compañeira na Facultade de Filoloxía e amiga certa, a profesora Teresa García-Sabell Tormo, propiciou podérmola utilizar agora nesta *notula philologica*⁴.

³ Segundo informa Francisco Albo “O poeta foi compañeiro de instituto de Fernando Taboada Zúñiga, irmán da última propietaria do pazo [de Tor], María Paz –quen á súa morte legou o edificio á Deputación–, e mantivo unha estreita amizade con esta familia durante toda a súa vida” (Albo, 2010).

⁴ Nesta ocasión o “Chamamento” custodiábase o doutor Domingo García Sabell nunha carpetiña común de cartolina encerada cor acastañada, con tiras de gomas para o peche, mercada, segundo reza o membrete impreso na capa da carpeta, na desaparecida e até hai pouco tempo emblemática “Librería González. Rúa del Villar 46-52” de Santiago de Compostela. Alí durmiu moitos anos canda o orixinal manuscrito autógrafo d’Os *Eidos* que reproducimos facsimilarmente no libro titulado *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas*, en maio de 2010 na Imprenta Universitaria do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén contén esta carpeta o orixinal mecanoscrito e completo, metido nun sobre de papel que pon por fóra en letra autógrafa de Novoneyra o título do libro *non nato* que ía titularse *Elexías do Caurel. Poemas do último*, con vinte e sete poemas numerados, do 1 (1953) ao 27 (1960), un pequeno glosario e unha interesantísima carta “De Novoneyra a García Sabell” datada n’O *Caurel. Santos 1960*, onde o poeta

As tres cuartillas de tea que conteñen esta outra versión do “CHAMAMENTO”, amarelecidas polo transcorrer do tempo, de 21,5 x 15,5 cm, están metidas no mesmo sobre de papel do que falamos na nota 4, grampadas e dispostas, como formando unha *plaquette* doméstica, do seguinte xeito:

A **primeira** serve a modo de portadiña. Nela lese, mecanografado, o título en letras capitais: *CHAMAMENTO ÓS GALEGOS*. Na parte superior figura o lugar e a data en letra manuscrita que di: *O Caurel. Vrao 1957*. Así mesmo, ocupando con liñas oblicuas a metade inferior da cuartilla, pódese ler coa caligrafía típica do bardo courelao: *Prós meus amigos Domingo i Elena García Sabell de Compostela*. Remata no recanto inferior dereito coa sinatura manuscrita en horizontal: *Novoneyra*.



dá algunhas claves hermenéuticas da poesía contida no poemario cuxas copias fotografadas ofrecemos neste mesmo número do *Boletín Galego de Literatura* na sección de “Creación”, pechando deste xeito o *annus mirabilis* das Letras Galegas dedicado ao gran poeta do Courel.

A **segunda** está mecanografada polas dúas caras e contén a maior parte do poema.

I

DORMIDOS peitos de Libertá!
Meus irmos gelegos!
Ben sabe Deus que non vos falo por coller sosa.

Tirado dunha forza xorda
veño chamervos de novo á loita segre
pola nosa Patria homilde
onde todo nos conoze.

IRMAOS de sangue e dor!
Temos que gerar a Nosa Galicia
pra ser o nome que levemos.

Temos que ganale porque é nosa,
porq ue o quer o noso corezón
que o sinte necesario
pra selvernos nós e nosos pais,
pra selver ós que sufriron e morreron por ela
pra selvar ós nosos abós
ios pais dos pais de nosos abós
e tódalas cousas que iles quixeron e que nós quere-
mos.

POUSA o tempo no sono
ce sombre dos anos sin libertá,
i eu non vos chamo en sítio como antes se facía.
Mais ben llenemente,
como felamos entre nós tódolos días que perdemos
cando a todos intres unha causa xusta nos egarda
escenándonos en todo,
elumando nequelo que inde non perdemos
porque é cousa que non se pode perder,
nin podien quitarnos
os que tein a fala la meo dura.

Chámenos iste día que chove...

Chamamos cada verba galega dita por nos,
cada sorriso, cada xeito, cada ollada nosa,
cada val e cada tesó
desde onde se ollan terras
que, soio con veles, ún sinton que tamén son nosas.

Escoitade ós que saben ler esta chamada
e seguiri os nobres peitos que se erguen,
que se todos somos fieles ó que somos
o tempo terá o noso sentido.

CHOVE onde ún sinton
no día longo sin máis nin tarde que eu vos chamo.

2

OH Galicia, miña toda,
se a fé que che teño chegars pra salvarte!

A tua razón non se entenden os que che negan
porque non son coma ti.
Aí a razón pra non vivir coiles.

QUERÉMOL-a unión
e non a mesturanzas que nos perde.

Os que así nos tein
soio tein noso os nosos nomes no censo
que hasta o noso sudor sin alento
pérdese na terra que non nos mantén.

O único que nos dan
é este forze da fame que nos fai deixarte.

A **terceira**, tamén mecanografada, acolle o último grupo estrófico do poema, así como o lugar, o ano de composición (*O Caurel*. 1956) e o apelido do poeta en letras capitais (*NOVONEYRA*). Ademais, presenta no ángulo inferior dereito unhas liñas oblicuas manuscritas e autógrafas, como componendo o chafrán do recanto, que din así: *Ista é a versión definitiva do Chamamento*, ao que segue a sinatura abreviada do poeta, como se pode ver na reprodución facsimilar que facilitamos a continuación para a súa comprobación.

ESCRIBIN estas verbas a s' l'íngua de Galiza
 ces b'goss de s'frente que ún non merece;
 e ,según ven enfriando,
 voume volvendo encender
 contra os enemigos de libérté
 que estamos certos de alcenzar un día,
 pois e Nosa Galicia é inmortal
 que non íles,
 nomes luxos que soíe se así maldecir.

O Caurel. 1956.

NOVONEYRA

Isto é a versión
 definitiva do
 poema
 de Uxío
 Novoneyra

Así as cousas, quizais esteamos perante a versión que os editores de Uxío Novoneyra deben considerar como realmente lexitimada polo poeta como definitiva, pois, estando datada en 1956, foille entregada a Domingo García Sabell no verán de 1957, feito que anula, a efectos dunha posíbel edición, xa necesariamente *póstuma* (non se fixo ningunha *ántuma*, como sabemos), todas as versións que circulan con data do ano 1956 e mesmo a única de 1957 que citamos máis arriba, a cal, polo que sabemos e intuímos, parece non ofrecer a

rotunda afirmación de Novoneyra ao lle entregar e dedicar aos seus amigos “Domingo e Elena García Sabell o froito final e “definitivo” dun longo percorrido textual do aquelado “Chamamento”, do que, sen dúbida, han aparecer aínda, co tempo máis copias e versións.

Xa que logo, coidamos que a única versión autorizada sería a que vimos de describir e que a seguir transcribo:

I

DORMIDOS peitos da Libertá!
Meus irmaos galegos!
Ben sabe Deus que non vos falo por coller sona.

Tirado dunha forza xorda
veño chamarvos de novo á loita sagra
pola nosa Patria homilde
onde todo nos conoce.

140

IRMAOS de sangue e dor!
Temos que ganar a Nosa Galicia
pra ser o nome que levamos.

Temos que ganala porque é nosa,
porque o quer o noso corazón
que o sinte necesario
pra salvarnos nós e nosos pais,
pra salvar ós que sufriron e morreron por ela
pra salvar ós nosos abós
ios pais dos pais de nosos abós
e tódalas cousas que iles quixeron e que nós queremos.

POUSA o tempo no sono
ca sombra dos anos sin libertá,
i eu non vos chamo en alto como antes se facía.
Mais ben llanamente,
como falamos entre nós tódolos días que perdemos
cando a todos intres unha causa xusta nos agarda
acenándonos en todo,
alumando naquelo que inda non perdemos

porque é cousa que non se pode perder,
nin podían quitarnos
os que tein a fala ia mao dura.

Chámanos iste día que chove...
Chámanos cada verba galega dita por nos,
cada sorrisa, cada xeito, cada ollada nosa,
cada val e cada teso
desde onde se ollan terras
que, soio con velas, ún sinte que tamén son nosas.

Escoitade ós que saben ler esta chamada
e seguiri os nobres peitos que se erguen,
que se todos somos fieles ó que somos
o tempo terá o noso sentido.

CHOVE onde ún sinte
no día longo sin mañá nin tarde que eu vos chamo

OUI Galicia, miña toda,
se a fé que che teño chegara pra salvarte!

A tua razón non a entenden os que cha negan
porque non son coma tí.
Ahí a razón para non vivir coiles.

QUERÉMOL-a unión
e non a mesturanza que nos perde.

Os que así nos tein
soio tein noso os nosos nomes no censo
que hasta o noso sudor sin alento
pérdese na terra que non nos mantén.

O único que nos dan
é esta forza da fame que nos fai deixarte.

ESCRIBIN estas verbas
 cas bágoas da afrenta que ún non merece;
 e, según van enfriando,
 voume volvendo encender
 contra os enemigos da libertá
 que estamos certos de alcanzar un día,
 poil a Nosa Galicia é inmortal
 que non iles,
 nomes luxos que soio se acai maldecir.

O Caurel. 1956.

NOVONEYRA

Coda

142

Ocorre, non obstante, que Novoneyra tirou ás veces versos deste texto para mesturalos con outros de nova fábrica ou doutra xinea e condición, sempre da súa propia creación, loxicamente, para compoñer outros poemas, como por exemplo o titulado “OUH GALICIA” (que mesmo se pode ler en dúas versión distintas en Novo, 2004: 182-183), onde se atopan moitos versos dos que xa estaban salferindo, aquí e alá, as versións do “Chamamento” que podemos consultar, xunto con algúns xa coñecidos en textos éditos que consagraron a Novoneyra definitivamente. Pero o rastrexo deste *modus operandi* do poeta courelán sería xa *farinna alterius costalis* que alguén terá que analizar ben polo miúdo e con vagar para establecer o proceso e a xénese editorial da súa orixinal e intensa obra literaria.

Anxo Tarrío Varela

Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

Albo, Francisco. 2010. “Novoneyra, un amigo de Tor”. *La Voz de Galicia*, 24-I.

Alonso Girgado, Luís, Élica Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (coords.). 2010. *Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío*

Novoneyra (1930-1999). Edición dos textos de Uxío Novoneyra: Luís e Iris Cochón. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

Cochón, Luís, Luís Alonso Girgado, Élide Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto (eds.). 2010. *Cadernos Ramón Piñeiro (XVI). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra, II (1930-1999)*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.

Cochón, Luís, Luís Alonso Girgado (eds.) coa colaboración de Élide Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto. MMX. *Cartas de poeta (De Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro (1955-1972))*. Textos orixinais (vol. I), Transcrición e notas (vol. II). Homenaxe do Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Novo, Olga. 2004. *Uxío Novoneyra. Lingua loaira*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.

Novoneyra, Uxío. 2010. *Gran lago de nebra. Antoloxía de versos e prosas, 1955-1999*. Introducción de María Pilar García Negro. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.

FONTES EN LIÑA:

Lago, Encarna. 2010. *Blog de Encarna Lago* <http://encarnalagogonzalez.blogspot.com/2009/12/chamamento-de-novoneyra-os-galegos.html>. Tamén: <http://www.slideshare.net/redemuseistica/chamamento-de-novoneyra-os-galegos> (Última consulta 16-xaneiro-2010).

Sociedad Cultura Deportiva Raxó. 2010. <http://raxocultural.org/2010/08/chamamento-de-novoneyra-os-galegos/> (Última consulta: 16-xaneiro-2010).